

PRESENTACIÓN

O número 5 da revista *Viceversa* correspondente ó ano 1999 supón a consolidación dunha revista que, da man da ATG e do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, naceu co propósito de se converter nun instrumento para os tradutores galegos. Mantéñense as distintas seccións e a primeira delas, TEORÍA E HISTORIA DA TRADUCCIÓN, segue aberta ás contribucións de estudiosos estranxeiros, que publican no noso idioma, sobre aspectos particulares da traducción (Venuti, Beattie); sen esquecer traballos que non han tardar en considerarse fundamentais para a nosa historia da traducción como o de Ferro Ruibal sobre a *Biblia*. No apartado de *Instrumenta* continúa-se a dar entrada a artigos sobre terminoloxía e neoloxía, importantes para o tradutor xa que presentan propostas para unha parte do léxico especializado galego non establecida totalmente. Neste mesmo apartado hai que subliña-la publicación dunha primeira contribución sobre ortografía técnica, indispensable para unha correcta traducción e redacción de textos. A sección de TRADUCCIONS XUSTIFICADAS permítenos ver, coma sempre, a traducción dende a óptica dos seus propios autores, revelándonos, deste xeito, claves que para nós, lectores, son pouco coñecidas. O apartado de RECENSIONS ponos en contacto con obras da teoría da traducción (Yuste, Lugrís, Cruces) e con textos traducidos dende a visión do lector especializado (Luna, Koss). Pecha este número a habitual seccións de INFORMACIONES.

XOSÉ MARÍA GÓMEZ CLEMENTE

